

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A ACADEMIA GALEGA DE XURISPRUDENCIA E LEXISLACIÓN

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2025

REÚNENSE

Dunha parte, don Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, don José Luis Seoane Spiegelberg, presidente da Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación, en uso das atribucións que lle confiren os seus estatutos aprobados por Orde do Ministerio de Educación y Ciencia do 23 de xullo de 1966, polos que se rexe.

Ambas as dúas partes recoñécense capacidade para subscribir o presente convenio polo que:

EXPOÑEN

Primeiro.- No Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e se determinan as súas competencias, atribúese entre outras, o Rexistro Xeral de Akademias de Galicia, de acordo co establecido no Decreto 392/2003, de 23 de outubro, polo que se regula o exercicio pola Comunidade Autónoma de Galicia das competencias en materia de Akademias de Galicia.

Polo Decreto 373/2003, do 16 de outubro, sobre asunción por parte da Comunidade Autónoma de Galicia de funcións en materia de Akademias e a súa asignación a diversos departamentos da Xunta de Galicia a Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación (AGXL) adscríbese á extinta

Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, actual Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Segundo.- A Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación (en diante, AGXL) ten, entre outros cometidos, o fomento da cultura e da investigación, especialmente o estudo do Dereito en Galicia e participa activamente na organización de xornadas xurídicas, seminarios e congresos con tal fin. A AGXL precisa para o seu mantemento que a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes contribúa ao financiamento dos gastos ordinarios que xera o funcionamento desta institución.

Terceiro.- Neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública xa que a AGXL é unha entidade adscrita á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, que ten uns cometidos específicos no campo do estudo e da investigación en materia xurídica. Por esta razón, esta consellería considera necesario financiar os seus gastos de funcionamento para que poida continuar desenvolvendo os seus traballos.

En consecuencia ámbalas dúas partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración con suxeición as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é fixar un marco de actuación que defina os compromisos de financiamento que asume a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, contribúa ao financiamento dos gastos que xere o funcionamento da RAGXL, derivados das actividades que realiza.

SEGUNDA.- Obrigas da entidade

1. Destinar os fondos percibidos para financiar a actuación referida na cláusula primeira.
2. Financiar as actuacións obxecto do presente convenio na contía que supere a achega da Xunta de Galicia, establecida na cláusula terceira.

3. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. De acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a AGXL comprométese a dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, o cumprimento de tódalas condicións e obrigas recollidas neste convenio, e o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

5. En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

6. Así mesmo, correspóndelle a AGXL prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas.

TERCEIRA.- Obrigas da Consellería da Presidencia, Xustiza e Deportes

A estes efectos, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes achegará á AGXL a cantidade de TRINTA E CINCO MIL EUROS (35.000,00 €), para financiar os gastos correntes da institución, que se financiarán con cargo ós orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025, do seguinte xeito:

- 20.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.481.1 (CP 2015 00089)
- 15.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 05.03.131A.481.0 (CP 2015 00102)

Este importe representa o 77,78% do **orzamento de gastos de persoal e dos gastos correntes previstos para o Exercicio 2025**, da Academia Galega de Xurisprudencia e

Lexislación.

CUARTA.- Libramiento de fondos

A achega económica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes realizarase nos termos requiridos no artigo 51 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, incorporando unha memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actuacións realizadas, unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento, as correspondentes facturas e xustificación do seu pagamento, os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios propios ou, de ser o caso con achegas procedentes doutras subvencións ou recursos, detallando os ingresos ou subvencións que financien a actuación obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia.

Se fora o caso a AGXL achegará a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

Xunto coa documentación xustificativa, o representante da AGXL estenderá unha certificación que acredite o cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

Con anterioridade á xustificación da execución da actividade, presentarase unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

De acordo co previsto no artigo 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 11 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, antes do pagamento da achega, a AGXL aportará unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no art. 28.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de

Galicia.

No caso de que se produza un exceso nas subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a AGXL deberá reintegralo xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no art. 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Ao amparo deste convenio poderán financiarse os gastos nos que incorrera a AGXL, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se efectuaran con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 30 de setembro de 2025.

QUINTA.- Pagos parciais

A achega económica da Consellería da Presidencia, Xustiza e Deportes, poderá instrumentarse mediante pagamentos parciais, a solicitude da AGXL, ata un máximo do 80% da contía total da achega, de acordo co disposto no art. 62 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia e 31. 6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para a realización de pagamentos parciais a AGXL deberá xustificar os gastos realizados ao abeiro do convenio, así como o seu pagamento. Os pagamentos parciais quedarán condicionados ao resultado da liquidación definitiva.

Dado que o crédito orzamentario desta subvención corresponde ao capítulo IV do orzamento de gastos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e que a Real Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación (AGXL) é unha institución sen ánimo de lucro, queda exonerada da constitución de garantía, de acordo co establecido no artigo 65.4, apartado f) do Decreto

11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA. - Devolución voluntaria da subvención

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, con anterioridade ao requirimento previo da Administración, a entidade beneficiaria poderá realizar con carácter voluntario a devolución do importe da axuda obxecto de reintegro.

Esta devolución efectuarase mediante ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia que corresponda, segundo o disposto na normativa reguladora do procedemento de recadación, e o importe incluírá os intereses de demora, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A entidade beneficiaria deberá presentar, ante o órgano concedente, copia xustificativa da devolución voluntaria realizada na que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

SÉTIMA. - Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha comisión de seguimento mixta paritaria, integrada polo secretario xeral técnico da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o presidente da AGXL, ou persoas que designen no seu nome, e un representante máis de cada unha das partes.

A Comisión mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicita algunha das partes. A súa función será velar polo cumprimento das obrigas previstas no mesmo, así como propoñer a solución ós problemas que puideran xurdir.

As súas funcións serán:

- Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

- Estudar as posibles modificacións do convenio propostas polas partes, as cales se formalizarán a través das correspondentes addendas
- Intervención previa á resolución por incumprimento
- Coordinación das funcións das dúas administracións
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio

SÉTIMA.- Compatibilidade con outras axudas

Conforme co disposto no artigo 40.1.d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

OITAVA.- Publicidade

A AGXL comprométese a informar, nas actividades que realice, da colaboración da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes no financiamento dos gastos obxecto deste convenio.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

NOVENA.- Resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades obxecto da axuda.

De resolverse o convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes esixirá o reintegro das contías percibidas e o xuro de demora correspondente, de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMA. –Xurisdición

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, previo informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso - administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO PRIMEIRA. – Vixencia

A vixencia do presente convenio estenderase dende a súa sinatura ata o cumprimento polas partes das obrigas asumidas. En ningún caso excederá do 30 de decembro de 2025.

DÉCIMO SEGUNDA.- Normativa aplicable

O presente convenio rexerase polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

E en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase na data e lugar ao principio indicados

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes	O presidente da Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación
Diego Calvo Pouso	José Luis Seoane Spiegelberg